

## Carta aberta á comunidade educativa do IES de Melide

Prezados membros da comunidade educativa do IES de Melide,

Como sabedes, esta semana aconteceron unha serie de feitos con consecuencias penais. Eu son a vítima. Todos sabedes quen son, mais o meu nome é o menos importante de todo. Son, coma vós, outra engrenaxe das que fan funcionar o Instituto.

En primeiro lugar, dar grazas a todos os que se interesaron por min, especialmente ó equipo directivo do IES, que foi un punto de apoio firme en todo momento deste proceso.

Estou ben. Nada do que pasou o luns vai facer que cambie a miña forma de ser nin como actúo cos demais.

Ó longo da miña formación, os que antes estaban onde eu estou agora transmitíronme que o traballo que fago ten que estar ó servizo da sociedade. É un elemento común tanto da miña vida laboral anterior como da actual como servidor público.

Sempre que pensamos na palabra crise, as connotacións negativas pasan pola nosa cabeza. Mais, etimoloxicamente, non é así. A súa orixe está na palabra grega *κρίσις*, que significa decidir.

Considero, polo tanto, que os feitos acontecidos son unha oportunidade para decidir sobre o noso futuro como comunidade educativa. É preciso pensar no motivo polo que chegamos aquí e como queremos proseguir o camiño.

O principio de causalidade, de uso xeneralizado tanto no eido filosófico como científico, expón que todo efecto é precedido por unha causa. Ou dito doutra forma, toda acción ten a súa consecuencia.

E neste momento, as nosas accións son importantes, xa que condicionarán inequivocamente as consecuencias do noso futuro.

Sempre defendín que o centro educativo ten que ser un lugar seguro. De paz. Libre de medo. Ninguén merece estar nun Instituto tendo temor polo que lle pode pasar; nin alumnado, nin profesorado, nin familias.

Mais para que o medo non teña lugar, é precisa a valentía. Decía Frank Herbert na súa novela Dune “Non debo ter medo. O medo mata a mente. O medo é a pequena morte que conduce á destrución total”

Polo tanto, para ser donos das consecuencias dos nosos actos, debemos mirar ó medo á cara, ser valentes e enfrontarnos a el. Só así poderemos vencelo e construír o sitio en paz no que crecerá o Melide que ven.

O futuro é teu, lector desta carta.

Decide como te enfrontas a el.

Unha aperta,